Sobre as consideracións da Xunta de Galicia en relación coas condicións actuais do acceso á vivenda e coas medidas que cómpre impulsar neste ámbito

BOPG nº 83, do 13.09.2024



- 10559 (12/POC-001804) (12/PRE-005061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a pertinencia do nomeamento da esposa do director territorial de Ence en Galicia como directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade e a eventual rectificación desta decisión por parte do Goberno galego

BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 10566 (12/POC-001806) (12/PRE-005063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre o ritmo das obras de construción da A-76 na provincia de Ourense, a valoración que fai a Xunta de Galicia da necesidade de desenvolver esta infraestrutura e as xestións que fixo co Goberno central para avanzar na súa materialización

BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 10592 (12/POC-001808) (12/PRE-005065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os datos referidos á solicitude do Concello de Ourense da declaración do centro histórico desta cidade como área Rexurbe, o estado en que está a tramitación desta solicitude e os investimentos realizados pola Xunta de Galicia na última década e os previstos verbo da rehabilitación urbana en Ourense

BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 10701 (12/POC-001821) (12/PRE-005074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o impacto que podería ter a implantación dun vertedoiro no espazo da antiga canteira Pedra Facha, en Val do Dubra, as medidas previstas para evitar a contaminación e a eventual desautorización do proxecto por parte da Xunta de Galicia

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11019 (12/POC-001862) (12/PRE-005109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas de promoción pública que foron entregadas e as que foron licitadas, nas súas distintas fases, no marco do programa Rexurbe nos anos 2022 e 2023

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11021 (12/POC-001863) (12/PRE-005110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o orzamento executado en 2023 nas distintas liñas que constituían a Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida, así como a valoración que fai o Goberno galego respecto das necesidades de investimento nesta materia

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024



- 11022 (12/POC-001864) (12/PRE-005111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o número de vivendas de promoción pública impulsadas polo IGVS entregadas en 2022 e 2023 e cales foron, así como as anualidades de licitación dos contratos para a redacción dos seus proxectos

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11024 (12/POC-001865) (12/PRE-005112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as vivendas de promoción pública que foron licitadas para a redacción de proxecto e dirección de obras en 2022 e 2023, as que xa foron adxudicadas e entregadas desde 2022 e as licitadas para obras de construción en 2022 e 2023

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11028 (12/POC-001866) (12/PRE-005113)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre o balance dos beneficios achegados pola tarxeta Xente Nova

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11032 (12/POC-001867) (12/PRE-005114)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre as medidas anunciadas polo Goberno central verbo da construción de vivenda pública en Galicia e as axudas que destina en 2024 a Xunta de Galicia con ese mesmo obxectivo

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11034 (12/POC-001868) (12/PRE-005115)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre as medidas postas en marcha para o fomento do alugueiro accesible incluídas no Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, os seus resultados e as axudas que se destinan neste ano 2024 con este obxectivo

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11048 (12/POC-001873) (12/PRE-005120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre o ritmo que leva a construción da autovía entre Lugo e Santiago A-54

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11053 (12/POC-001874) (12/PRE-005121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis



Sobre a actitude do presidente do Goberno central ante as solicitudes de información e de reunión por parte da Xunta de Galicia co fin de tratar os asuntos relativos á AP-9
BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11063 (12/POC-001876) (12/PRE-005123)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as accións que prevé levar adiante a Xunta de Galicia en relación coa suba do canon de Sogama
BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11074 (12/POC-001879) (12/PRE-005126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o cumprimento das condicións laborais dos traballadores das empresas e UTE concesionarias das liñas de transporte que son competencia da Xunta de Galicia, así como respecto do seu seguimento e das consecuencias que derivan dos posibles incumprimentos

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11113 (12/POC-001883) (12/PRE-005129)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a repercusión do incremento do canon de Sogama, as políticas previstas polo Goberno galego en materia de residuos urbanos e o impulso da redución e reciclaxe

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11190 (12/POC-001899) (12/PRE-005145)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre os compromisos do Goberno central en relación cos descontos nas tarifas das autoestradas estatais en Galicia

BOPG nº 92f2, do 26.09.2024

- 11233 (12/POC-001903) (12/PRE-005149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as obras que se están a levar a cabo na estrada AC-400 na contorna da Pedra da Vella, na parroquia de Celas, do concello de Culleredo

BOPG nº 92f2, do 26.09.2024

- 11273 (12/POC-001908) (12/PRE-005153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación do servizo público de transporte no inicio do curso escolar e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego dirixidas ás empresas concesionarias para o cumprimento riguroso dos contratos e a favorecer a competencia no sector

BOPG nº 92f2, do 26.09.2024



- 11392 (12/POC-001921) (12/PRE-005164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os termos da Estratexia galega de solo residencial aprobada polo Goberno galego, as conclusións do estudo para determinar a localización das vivendas protexidas anunciadas e a valoración dunha revisión do actual modelo nesta materia

BOPG nº 92f2, do 26.09.2024

- 11404 (12/POC-001922) (12/PRE-005165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación do transporte público autonómico neste principio de curso, nomeadamente na liña Cangas-Pontevedra, e as medidas previstas polo Goberno galego para exixir o cumprimento dos contratos coas concesionarias e favorecer a competencia

BOPG nº 92f2, do 26.09.2024

- 11589 (12/POC-001952) (12/PRE-005190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre os novos problemas xurdidos na estrada LU-651, na serra do Courel, logo do derrubamento que sufriu hai máis de dous anos

BOPG nº 92f2, do 26.09.2024

- 11639 (12/POC-001957) (12/PRE-005195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da posibilidade de incluír na nova licitación do transporte público da Barbanza un servizo de conexión entre os concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira

BOPG nº 95f1, do 02.10.2024

- 11981 (12/POC-001992) (12/PRE-005228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da colaboración no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa

BOPG nº 95f1, do 02.10.2024

- 12002 (12/POC-001995) (12/PRE-005231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a tramitación do proxecto eólico Hedreira, de competencia estatal, e as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á protección dos espazos que ocupa

BOPG nº 95f1, do 02.10.2024

- 12173 (12/POC-002012) (12/PRE-005245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis



Sobre a eventual realización dun estudo, e o impulso da posterior participación cidadá, coa finalidade de executar obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-253 entre Ponteareas e Pazos de Borbén

BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

- 12368 (12/POC-002036) (12/PRE-005263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que ten en marcha a Xunta de Galicia para controlar e erradicar a herba da pampa, os plans e investimentos dirixidos concretamente ás comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes e o recurso do acceso a fondos europeos para estes obxectivos

BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

- 12392 (12/POC-002040) (12/PRE-005267)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as razóns de que non se coñeza a documentación da tramitación de Impulsa Galicia relativa ao proxecto tractor denominado "Proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas"

BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

- 12407 (12/POC-002041) (12/PRE-005268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Taibo Corsanego, Iria

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para pór en marcha a planta de reciclaxe de residuos téxtiles que se prevé instalar en Cerceda e as características que definen o proxecto

BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

- 12621 (12/POC-002055) (12/PRE-005280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre o estudo realizado pola consultora Eptisa en relación coa autoestrada AP-9

BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

- 12797 (12/POC-002069) (12/PRE-005293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os datos dos resultados acadados coa política de promoción de vivenda pública que vén desenvolvendo o Goberno galego, as súas previsións e a súa valoración respecto da execución orzamentaria e das necesidades de investimento nesta materia

BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

- 12862 (12/POC-002073) (12/PRE-005297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre o número de vivendas de promoción pública que foron adxudicadas entre o 13 de abril e o 22 de xullo nas diferentes fases da súa construción
BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

- 12911 (12/POC-002081) (12/PRE-005304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a situación da vivenda para a mocidade e a poboación universitaria na Coruña, os programas desenvolvidos polo Goberno galego nos últimos quince anos nesta materia e os compromisos que está disposto a adquirir co obxectivo de superar o contexto actual

BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

- 12955 (12/POC-002086) (12/PRE-005308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a execución da obra de construción da senda peonil do río Barbaña, treito Os Remedios-Expourense, do eixe de mobilidade sostible en Ourense

BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

- 13015 (12/POC-002091) (12/PRE-005313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego para 2025 verbo do reforzamento das liñas de autobús interurbano que van desde O Milladoiro e Bertamiráns, concello de Ames, a Santiago de Compostela

BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

- 13066 (12/POC-002103) (12/PRE-005324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en caso de decidir a reparación das vías de servizo da estrada PO-533 entre Lalín e o alto do Faro

BOPG nº 102f3, do 17.10.2024

- 13252 (12/POC-002125) (12/PRE-005343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o estado en que está a PO-262 entre a vila de Mondariz e o enlace coa N-120 en Vilasobroso e a valoración por parte do Goberno galego da posibilidade de realizar un estudo para escoller as mellores opcións de mellora da seguridade viaria

BOPG nº 106f3, do 23.10.2024

- 13337 (12/POC-002135) (12/PRE-005353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello

BOPG nº 106f3, do 23.10.2024



- 13482 (12/POC-002150) (12/PRE-005367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a posta en marcha na cidade de Lugo das actuacións previstas pola Xunta de Galicia en materia de Vivenda

BOPG nº 106f3, do 23.10.2024

- 13508 (12/POC-002154) (12/PRE-005371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao eventual rescate en 2025 das autovías AG-55 e AG-57, os estudos realizados ao respecto e a valoración dunha posible revisión das renegociacións das concesións que afectan as autovías AG-56, AG-31, AG-11 e AG-41

BOPG nº 106f3, do 23.10.2024

- 13545 (12/POC-002160) (12/PRE-005376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o custo para a Administración autonómica da retirada e do tratamento dos gránulos plásticos vertidos polo "Toconao", as accións contra o armador ou o propietario da carga e as medidas impulsadas polo Goberno galego ante outras administracións para previr novos episodios deste tipo nas costas galegas

BOPG nº 106f3, do 23.10.2024

- 13570 (12/POC-002164) (12/PRE-005379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia dos efectos sobre o patrimonio natural, paisaxístico, cultural e humano dos proxectos eólicos que está a tramitar nos concellos da Lama, Fornelos de Montes, Mondariz, Redondela e Pazos de Borbén e a súa eventual paralización

BOPG nº 106f3, do 23.10.2024

- 13627 (12/POC-002172) (12/PRE-005385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre o funcionamento do servizo de autobús nas liñas A Coruña-Betanzos e A Coruña-Ferrol e a disposición da Xunta de Galicia a adoptar medidas de mellora, concretamente pensando nas necesidades de mobilidade do alumnado universitario

BOPG nº 109, do 30.10.2024

- 13635 (12/POC-002174) (12/PRE-005387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o estado dos leitos e das marxes dos ríos galegos e a política do Goberno galego de coidado dos ecosistemas fluviais, nomeadamente no caso do concello de Rois

BOPG nº 109, do 30.10.2024



- 13706 (12/POC-002180) (12/PRE-005392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre as condicións de seguridade en que viaxa o colectivo escolar na Costa da Morte polo exceso de viaxeiros e os problemas de adecuación horaria entre as liñas de autobús e a xornada das ensinanzas postobrigatorias

BOPG nº 109, do 30.10.2024

- 13787 (12/POC-002192) (12/PRE-005404)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre o nivel de compromiso do Goberno central verbo da posta en marcha da liña ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal

BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

- 13896 (12/POC-002210) (12/PRE-005419)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a repercusión que terá para a cidadanía a aplicación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular

BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

- 13921 (12/POC-002214) (12/PRE-005423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as denuncias de cortas de frondosas producidas en varias parcelas situadas na ZEC (zona de especial conservación) dos sobreirais do Arnegro

BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

- 13929 (12/POC-002215) (12/PRE-005424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os criterios considerados e os efectos agardados polo Goberno galego que xustificaron e xustifican a actual articulación das competencias en política de ordenación do territorio dentro do organigrama da Xunta

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 13969 (12/POC-002221) (12/PRE-005428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne a estudos, plans, política de información e cumprimento de normativas respecto do problema de saúde pública que supón a presenza de gas radon no territorio galego

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 13991 (12/POC-002224) (12/PRE-005431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o concepto de “refuxio climático”, o seu uso na marca impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático denominada Galicia Refuxio Climático e as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación nesta materia

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 13997 (12/POC-002225) (12/PRE-005432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa demanda de competencias, a creación de organismos e a planificación das políticas e estratexias en materia climática

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 14019 (12/POC-002229) (12/PRE-005436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o funcionamento do transporte público por estrada no concello de Gondomar no que atinxe á oferta de prazas, aos horarios e á información subministrada aos usuarios/as

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 14024 (12/POC-002230) (12/PRE-005437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co proxecto eólico Greco, situado entre as provincias de Pontevedra e Ourense, a súa compatibilidade coa preservación do medio natural e as medidas para a protección da serra do Suído

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 14041 (12/POC-002232) (12/PRE-005439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o balance do Plan estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013, as accións levadas a cabo e as previsións relativas á posta en marcha dun novo plan

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 14095 (12/POC-002242) (12/PRE-005448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis

Sobre a eventual retirada por parte da Xunta de Galicia da declaración de iniciativa empresarial prioritaria ao proxecto da empresa Bioenergía Lugo S. L. para a instalación en Coeses, no concello de Lugo, dunha planta de biometanización

BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

- 14345 (12/POC-002263) (12/PRE-005467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis



Sobre a evolución do investimento do Goberno galego no porto seco de Monforte e o estado de desenvolvemento desta infraestrutura

BOPG nº 118f1, do 20.11.2024

- 14461 (12/POC-002277) (12/PRE-005479)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

BOPG nº 118f1, do 20.11.2024

- 14575 (12/POC-002293) (12/PRE-005494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre os prazos, o financiamento e as actuacións do Goberno galego para a materialización do seu compromiso de construción dunha senda peonil e ciclista entre Camposancos e A Guarda

BOPG nº 123, do 27.11.2024

- 14612 (12/POC-002297) (12/PRE-005497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da finalización da senda peonil Vilaúde-O Reirado, entre os concellos de Alfoz e do Valadouro, e as razóns de que esta infraestrutura non estea xa rematada

BOPG nº 123, do 27.11.2024

- 14733 (12/POC-002309) (12/PRE-005504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto do desenvolvemento na actual lexislatura da vía de acceso ao porto da Guarda, as partidas orzamentarias dedicadas e o diálogo cos sectores afectados e os axentes implicados na execución desta infraestrutura

BOPG nº 123, do 27.11.2024

- 14869 (12/POC-002320) (12/PRE-005515)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre as características do modelo de aloxamentos compartidos orientados á xente nova que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia

BOPG nº 127, do 04.12.2024

- 14838 (12/POC-002323) (12/PRE-005518)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre o expediente de infracción aberto pola Unión Europea ao Goberno de España por non cumprir os obxectivos en materia de reutilización e reciclaxe de residuos municipais

BOPG nº 127, do 04.12.2024



- 15043 (12/POC-002343) (12/PRE-005535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S. A., de nova creación, os seus obxectivos en materia de solo residencial e de promoción de vivenda pública, así como sobre as súas previsións orzamentarias

BOPG nº 127, do 04.12.2024

- 15113 (12/POC-002349) (12/PRE-005539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a situación da competencia empresarial no sector do transporte de viaxeiros por estrada e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de posibilitar a competitividade das pequenas e medianas empresas respecto das grandes concesionarias

BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

- 15150 (12/POC-002350) (12/PRE-005540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as condicións de seguridade viaria en que está a estrada PO-404 ao seu paso polo concello de Tui, as razóns do Goberno galego para non ter respondido ás peticións do Concello de Tui neste asunto e as previsións ao respecto

BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

- 14513 (12/POC-002356) (12/PDC-000012, 12/PRE-005546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a previsión da Xunta de Galicia sobre futuros usos para o faro da lila de Ons

- 15370 (12/POC-002364) (12/PRE-005554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a eventual elaboración dun proxecto de mellora das condicións de seguridade viaria e peonil da estrada PO-252 entre Mondariz e Moscoso, en Pazos de Borbén

BOPG nº 132, do 18.12.2024

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 7007 (12/POC-000944) (12/PRE-004290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para mellorar a xestión dos fondos europeos

BOPG nº 62, do 07.08.2024

- 7154 (12/POC-001013) (12/PRE-004356)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia dos resultados das negociacións no Consello de Política Fiscal e Financeira e sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego
BOPG nº 63, do 08.08.2024

- 7267 (12/POC-001067) (12/PRE-004405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a suficiencia, a xestión e a fiscalización do Fondo de Compensación Interterritorial que recibe Galicia

BOPG nº 63, do 08.08.2024

- 7268 (12/POC-001068) (12/PRE-004406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o conflito xurdido en relación coa tributación de Reganosa no Concello de Mugar dos e a postura que mantivo a Xunta de Galicia

BOPG nº 63, do 08.08.2024

- 7269 (12/POC-001069) (12/PRE-004407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre a perda de poder adquisitivo das pensionistas e dos pensionistas da provincia de Ourense, o seu impacto económico nese ámbito territorial e as políticas que prevé impulsar o Goberno galego para afrontar esta situación

BOPG nº 63, do 08.08.2024

- 7270 (12/POC-001070) (12/PRE-004408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a valoración dos termos en que está redactada a proposta do Goberno central de regulación de desenvolvemento da Lei 21/2022, do 19 de outubro, de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7279 (12/POC-001075) (12/PRE-004412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o grao de execución orzamentaria entre 2009 e 2023 en materia de I+D

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7294 (12/POC-001090) (12/PRE-004426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a anunciada fusión das entidades bancarias BBVA e Sabadell, as súas repercusións en Galicia en termos de emprego, crédito e servizos e as actuacións previstas polo Goberno galego ante a posibilidade de que se materialice esta operación

BOPG nº 64, do 09.08.2024



- 7295 (12/POC-001091) (12/PRE-004427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a situación da parroquia de Palmés, no concello de Ourense, no relativo á cobertura no ámbito das telecomunicacións, as medidas abordadas pola Xunta de Galicia e as que ten previstas para avanzar nas conexións dixitais desa zona

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7300 (12/POC-001093) (12/PRE-004428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a situación sanitaria na provincia de Ourense e as valoracións que fai o Goberno galego verbo das recomendacións do Consello de Contas recollidas no seu informe de fiscalización da asistencia sanitaria prestada con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7301 (12/POC-001095) (12/PRE-004430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 4 máis

Sobre os proxectos e os diferentes datos que dan conta da actividade da Sociedade Impulsa Galicia, así como sobre os informes do Consello de Contas respecto da súa transparencia e control público

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7302 (12/POC-001096) (12/PRE-004431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a garantía da transparencia e do control económico das entidades instrumentais da Xunta de Galicia, así como sobre o cumprimento das recomendacións recollidas nos informes de fiscalización do Consello de Contas, especialmente as que apuntan ás sociedades Meisa, Sotavento e Impulsa Galicia

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7303 (12/POC-001097) (12/PRE-004432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a eficacia e eficiencia da xestión orzamentaria do Goberno galego, o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas recollidas nos seus últimos informes sobre a Conta Xeral e o impulso do novo plan de contabilidade de Galicia

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7304 (12/POC-001098) (12/PRE-004433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre os efectos que pode producir nas prestacións sanitarias da área de Ourense a concentración dos concertos coa sanidade privada en só dúas empresas, as medidas que pensa adoptar o Goberno galego fronte a posibles actuacións oligopólicas e o control da eficiencia orzamentaria

BOPG nº 64, do 09.08.2024



- 7305 (12/POC-001099) (12/PRE-004434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre os niveis de sinistralidade laboral en Galicia, os expedientes sancionadores por infraccións nesta materia pechados nos anos 2021, 2022 e 2023, así como sobre a eficacia da inspección de traballo e os medios do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7306 (12/POC-001100) (12/PRE-004435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do Informe sobre os resultados para Galicia do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común 2009-2021, as solucións adoptadas ata agora ante o infrafinanciamento de Galicia e a postura que vai manter en diante

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7307 (12/POC-001101) (12/PRE-004436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia e o seguimento que realiza verbo da negociación das condicións laborais e salariais do persoal de Navantia

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7308 (12/POC-001102) (12/PRE-004437)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do plan de emprego para Navantia prometido en 2023 polo presidente do Goberno español e do desenvolvemento do anterior plan no centro desta empresa en Ferrol

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7309 (12/POC-001103) (12/PRE-004438)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre o conflito laboral do colectivo de traballadores e traballadoras da dobraxe en Galicia e o papel que está a desenvolver o Goberno galego para desbloquear a situación

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7311 (12/POC-001105) (12/PRE-004439)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a actividade de Inditex no seu almacén de Sabón e as previsións da Xunta de Galicia respecto da mellora da capacidade loxística das empresas de Galicia

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7312 (12/POC-001106) (12/PRE-004440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as liñas da política económica do Goberno galego que se van ver reflectidas na configuración dos vindeiros orzamentos para 2025

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7313 (12/POC-001107) (12/PRE-004441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o conflito laboral xerado entre a dirección do grupo empresarial Inditex e as dependentas das tendas da provincia da Coruña

BOPG nº 64, do 09.08.2024

- 7428 (12/POC-001138) (12/PRE-004468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos

BOPG nº 65, do 12.08.2024

- 7814 (12/POC-001330) (12/PRE-004649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, así como respecto do grao de execución actual e das contías comprometidas destes fondos e dos fondos React-EU

BOPG nº 67, do 14.08.2024

- 7816 (12/POC-001331) (12/PRE-004650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a garantía que ofrece o peso da participación da Xunta de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia cara ao control público da xestión da riqueza natural do país, así como respecto dos principais elementos que describen o funcionamento desta sociedade

BOPG nº 67, do 14.08.2024

- 7826 (12/POC-001335) (12/PRE-004653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as liñas da política económica que porá en marcha o executivo de Alfonso Rueda

BOPG nº 67, do 14.08.2024

- 7828 (12/POC-001336) (12/PRE-004654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a eficiencia económica do modelo de colaboración público-privada que mantén a Xunta de Galicia na construción e explotación das autovías galegas

BOPG nº 67, do 14.08.2024



- 7836 (12/POC-001340) (12/PRE-004658)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ás políticas económicas orientadas a frear a emigración da xente nova que busca oportunidades laborais fóra de Galicia

BOPG nº 67, do 14.08.2024

- 7838 (12/POC-001341) (12/PRE-004659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en materia de política fiscal e de control da débeda pública

BOPG nº 67, do 14.08.2024

- 7857 (12/POC-001353) (12/PRE-004670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Xunta de Galicia para avanzar na calidade do procedemento contractual das entidades do sector público autonómico

BOPG nº 67, do 14.08.2024

- 7926 (12/POC-001402) (12/PRE-004711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre as recomendacións do Consello de Contas relativas á asistencia prestada polo Sergas con medios alleos e os compromisos que pensa adoptar o Goberno galego respecto do seu cumprimento, especialmente na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

BOPG nº 70f1, do 23.08.2024

- 7929 (12/POC-001404) (12/PRE-004713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que o Goberno galego ten para o exercicio de 2024 en relación coas recomendacións recollidas no informe de fiscalización da Conta Xeral realizado polo Consello de Contas e as medidas de mellora da xestión e execución dos fondos europeos de recuperación

BOPG nº 70f1, do 23.08.2024

- 7933 (12/POC-001407) (12/PRE-004716)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción das recomendacións incluídas no último informe do Consello de Contas referido á situación económico-financeira das entidades instrumentais do sector público autonómico

BOPG nº 70f1, do 23.08.2024

- 7936 (12/POC-001409) (12/PRE-004718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción das recomendacións do Consello de Contas relativas á situación económico-financeira das entidades instrumentais do sector público autonómico e, en concreto, do Igape e de Sodiga

BOPG nº 70f1, do 23.08.2024

- 7943 (12/POC-001413) (12/PRE-004721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2022

BOPG nº 70f1, do 23.08.2024

- 7950 (12/POC-001417) (12/PRE-004725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a relevancia dos fondos Next Generation no impulso da economía galega

BOPG nº 70f1, do 23.08.2024

- 7952 (12/POC-001418) (12/PRE-004726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as causas do nivel de gasto da Xunta de Galicia nas políticas do estado do benestar, educación, sanidade e servizos sociais, en comparación co resto das comunidades autónomas e o papel dos recursos achegados polo Estado nesta materia para paliar os efectos da pandemia

BOPG nº 70f1, do 23.08.2024

- 8089 (12/POC-001461) (12/PRE-004765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a asunción por parte do Goberno galego das recomendacións referentes á conta xeral da Comunidade Autónoma recollidas no informe do Consello de Contas publicado o 6 de maio de 2024

BOPG nº 70f2, do 23.08.2024

- 8116 (12/POC-001471) (12/PRE-004771)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a toma en consideración por parte do Goberno galego das recomendacións feitas polo Consello de Contas no informe publicado o 6 de maio de 2024, nomeadamente no tocante á adaptación do plan contable da Xunta de Galicia e á implementación dun sistema integral de contabilidade no Sergas

BOPG nº 70f2, do 23.08.2024

- 8579 (12/POC-001552) (12/PRE-004836)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as conclusións recollidas no informe do Consello de Contas respecto da fiscalización do contrato de concesión de obras públicas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
BOPG nº 70f2, do 23.08.2024

- 8775 (12/POC-001567) (12/PRE-004848)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre os principais proxectos que a Xunta de Galicia pensa desenvolver nos vindeiros anos financiados cos fondos europeos da política de cohesión
BOPG nº 70f2, do 23.08.2024

- 8825 (12/POC-001580) (12/PRE-004860)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a nova dotación económica destinada a recursos humanos, medios tecnolóxicos e formación na atención primaria sanitaria para desenvolver o anunciado plan de cirurxía menor
BOPG nº 70f2, do 23.08.2024

- 9274 (12/POC-001614) (12/PRE-004889)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia
Sobre os compromisos e orzamentos que prevé asumir a Xunta de Galicia para a construción da primeira fase da Cidade da Saúde, que acollerá a Facultade de Farmacia, así como das seguintes fases
BOPG nº 72f2, do 28.08.2024

- 9562 (12/POC-001628) (12/PRE-004901)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis
Sobre o nivel de sinistralidade laboral en Galicia, as actuacións do Goberno galego nos últimos anos, as súas previsións nesta materia e os recursos con que conta o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
BOPG nº 78f1, do 06.09.2024

- 9997 (12/POC-001685) (12/PRE-004951)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, a dispoñibilidade dos pregos de contratación deste servizo e a eventual participación da Xunta de Galicia na consecución dun acordo entre as partes negociadoras
BOPG nº 78f2, do 06.09.2024

- 10020 (12/POC-001691) (12/PRE-004957)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis



Sobre o acordo da Mesa de Diálogo Social da Seguridade Social que involucra as mutuas nas probas diagnósticas en casos de incapacidade temporal, a pretensión do Goberno central de que as comunidades autónomas asinen tamén convenios de colaboración coas mutuas e o criterio do Goberno galego neste aspecto

BOPG nº 78f2, do 06.09.2024

- 10278 (12/POC-001758) (12/PRE-005019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 6 máis

Sobre o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de transporte urbano da comarca de Ferrol e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para intervir na procura dunha solución

BOPG nº 78f1, do 06.09.2024

- 10377 (12/POC-001771) (12/PRE-005030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a evolución do IPC en Galicia en comparación coa do resto do Estado e as consecuencias para as maiorías sociais e os sectores produtivos, así como as medidas previstas polo Goberno galego co fin de afrontar a situación

BOPG nº 80, do 10.09.2024

- 10450 (12/POC-001789) (12/PRE-005047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a situación da economía familiar en Galicia en parámetros como a capacidade de aforrar, afrontar gastos imprevistos ou gozar de vacacións e as medidas de apoio que prevé adoptar a Xunta de Galicia ante os gastos asociados ao comezo do curso escolar

BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 10483 (12/POC-001794) (12/PRE-005052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as medidas que prevé poñer en marcha o Goberno galego co obxectivo de mellorar a planificación, execución e transparencia orzamentaria, así como sobre a aplicación das recomendacións recorrentes do Consello de Contas neste ámbito

BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 10491 (12/POC-001795) (12/PRE-005053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a diverxencia na evolución recente da inflación en Galicia respecto da media española en termos interanuais, o impacto na economía familiar e nos sectores produtivos e as medidas previstas polo Goberno galego para paliar as consecuencias

BOPG nº 83, do 13.09.2024



- 10634 (12/POC-001814) (12/PRE-005069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a cantidade de contratos menores de distinta tipoloxía adxudicados polas entidades do sector público autonómico de Galicia a Universal Support, Mape Asesores e Sibucu 360 entre os anos 2020 e 2023

BOPG nº 83, do 13.09.2024

- 10738 (12/POC-001828) (12/PRE-005080)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a asunción por parte do Goberno galego en 2024 das recomendacións do Consello de Contas relativas á asistencia sanitaria con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 10744 (12/POC-001829) (12/PRE-005081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o eventual cumprimento en 2024 por parte do Goberno galego das recomendacións do último informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas realizado polo Consello de Contas, así como os compromisos que pensa adquirir para a mellora da transparencia deste servizo e das súas entidades dependentes

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 10788 (12/POC-001834) (12/PRE-005084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre a transparencia referida ao prego de condicións do contrato de concesión do servizo de ITV, o nivel das tarifas aboadas na inspección e a eventual mediación da Xunta de Galicia no conflito laboral xurdido na empresa concesionaria

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 10855 (12/POC-001840) (12/PRE-005089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a idoneidade do nivel de participación da Xunta de Galicia na sociedade Recursos de Galicia, a participación do resto de socios privados, o control da sociedade por parte do Consello de Contas e a vía de participación nela de concellos e deputacións

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 10866 (12/POC-001843) (12/PRE-005092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da publicación na páxina web do Igape do proxecto subvencionado ao Real Club Celta de Vigo en 2023 e os criterios exixidos para a súa concesión, así como a relación dos integrantes do órgano avaliador e o sistema de avaliación

BOPG nº 88f2, do 20.09.2024



- 10962 (12/POC-001852) (12/PRE-005100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a eventualidade de recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico e de igualar en 2025 a achega do Goberno central ao bono social eléctrico
BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 10970 (12/POC-001853) (12/PRE-005101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego ante a posibilidade de negociar bilateralmente co Goberno central unha redución da débeda, o seu criterio respecto da estratexia do presidente do Partido Popular e as fórmulas para abordar o descenso de recursos extraordinarios para 2025
BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 10985 (12/POC-001855) (12/PRE-005103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 4 máis

Sobre a eficiencia da Oficina Económica de Galicia dada a súa actividade e a evolución do tecido empresarial galego, a posible redundancia de funcións coa Oficina de Coordinación Económica e as demais medidas do Goberno galego para reverter a evolución do índice de produción industrial
BOPG nº 88f2, do 20.09.2024

- 11368 (12/POC-001917) (12/PRE-005160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre o estado de conservación da casa natal de Bello Piñeiro, en Mugarodos, a disposición que tería a Xunta de Galicia a colaborar co Concello de Mugarodos para levar a cabo unha rehabilitación e a valoración que fai da responsabilidade asumida polo Arcebispado de Santiago no seu mantemento
BOPG nº 92f2, do 26.09.2024

- 11484 (12/POC-001935) (12/PRE-005175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre os prazos previstos para pór en marcha as restantes convocatorias de axudas financiadas polo Fondo de Transición Xusta e dirixidas ás comarcas de Meirama e As Pontes
BOPG nº 92f2, do 26.09.2024

- 11540 (12/POC-001943) (12/PRE-005183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante o acordo do Goberno central polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas para o período 2024-2026 e as consecuencias en Galicia do seu rexeitamento nas Cortes
BOPG nº 92f2, do 26.09.2024



- 11894 (12/POC-001985) (12/PRE-005221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do informe do Consello da Cultura Galega verbo do impacto socioeconómico do Proxecto Gama e a eventual reconsideración da súa declaración como proxecto industrial estratéxico

BOPG nº 95f1, do 02.10.2024

- 11948 (12/POC-001991) (12/PRE-005227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

